

Rúbrica de avaliación: representación gráfica de datos

	1 Insuficiente	2 Mellorable	3 Satisfactorio	4 Excelente
Elaborar estratexias de resolución e verificación de solucións de problemas da vida cotiá nos que se realice unha representación gráfica de datos	Non elabora ningunha estratexia de resolución nin verifica os resultados.	Elabora algunha estratexia de resolución pero non verifica os resultados.	Elabora estratexias de resolución, verificando os resultados.	Demostra unha comprensión profunda ao elaborar estratexias de resolución de problemas da vida cotiá nos que se realice unha representación gráfica de datos, verificando correctamente os resultados.
Formular e analizar conxecturas matemáticas sobre tarefas que impliquen unha representación gráfica de datos	Non formula nin analiza ningunha conxectura matemática.	Formula e analiza algunha conxectura matemática, cometendo erros.	Formula e analiza conxecturas matemáticas sen cometer apenas erros.	Formula e verifica conxecturas matemáticas complexas, mostrando unha comprensión profunda.
Resolve problemas matemáticos que poidan ser representados en gráficas	Non resolve problemas simples seguindo modelos dados.	Resolve problemas simples seguindo modelos dados.	Resolve problemas simples coherentes baseados en situacións cotiás.	Resolve problemas complexos coherentes baseados en situacións cotiás.
Elaborar representacións gráficas de datos mediante o uso de conexións sobre problemas da vida cotiá	Non elabora representacións gráficas de datos.	Elabora representacións gráficas de datos, pero non realiza as conexións axeitadas.	Elabora representacións gráficas de datos mediante o uso de conexións.	Elabora representacións gráficas de datos complexas mediante o uso de conexións.
Ser quen de explicar procesos e ideas matemáticas sobre representación gráfica de datos	Non é quen de comunicar procesos e ideas matemáticas.	É quen de comunicar algúns procesos e ideas matemáticas sinxelas.	É quen de comunicar procesos e ideas matemáticas adecuadamente.	É quen de comunicar procesos e ideas matemáticas con detalle e precisión.



“Rúbrica de avaliación: representación gráfica de datos”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)